

O reformismo borbónico en Galicia.

Os primeiros pasos da dinastía borbónica non estiveron exentos de problemas en Galicia. Filipe V foi recoñecido sen dificultades en 1701 pola Xunta do Reino, as cidades e as institucións eclesiásticas galegas. Os efectos da **Guerra de Sucesión** comezaron a notarse en 1702 (batalla de Rande) pero, malia a incorporación de Portugal ao bando austracista en 1703, Galicia non pasou de ser un escenario secundario no conflito. Si foi, sen embargo, un viveiro de homes para o exército borbónico e unha fonte de recursos para a facenda. As constantes levas e exaccións tributarias puxeron a proba a fidelidade do reino. A queixas da Xunta, os disturbios antifiscais de 1709 (Santiago de Compostela, A Coruña, Caión) e a difusión dalgúns impresos anónimos, quizais atribuíbles a pequenos focos austracistas, expresaron un descontento que, sen embargo, non derivou en contestación aberta.


Rematado o conflito sucesorio en 1714, as pretensións revisionistas de Filipe V e o ministro Alberoni contra os tratados de Utrecht e Rastatt, orientadas á recuperación dos antigos dominios italianos da monarquía, conduciron á guerra contra a Cuádruple Alianza (Reino Unido, Francia, Austria e as Provincias Unidas) en 1717-1720. Ao longo de 1719, as costas galegas foron atacadas pola armada británica: Vigo, Cangas, Ribadeo e diversas localidades da ría de Ferrol e da Costa da Morte sufriron destrucións, incendios e saqueos.

Entre 1719 e 1809, Galicia deixou de ser escenario bélico. Recibiu, non obstante, unha notable atención da **política borbónica**. As reformas implementadas pola nova dinastía orientáronse cara o progreso do absolutismo real e ao engrandecemento do Estado. A estes obxectivos responderon tanto a centralización e uniformización administrativas e o rearme militar e naval como as reformas económicas emprendidas, caso da liberalización do comercio con América.

Os cambios administrativos

As **Xuntas do Reino** non deixaron de convocarse durante o século XVIII, pero o seu papel político foi minguando. Durante a Guerra de Sucesión amosaran unha notable combatividade na defensa das súas facultades, resistíndose á concesión de servizos e opóndose ás levas e aos envíos de soldados fóra do reino. En 1712, os procuradores foron chamados á corte e ameazados co desterro. Dende aquela, as levas deixaron de consultarse ás Xuntas, quedando a cuestión en mans do capitán xeneral e do intendente. A partir de 1739, as súas reunións comezaron a celebrarse periodicamente cada seis anos para renovar o servizo de millóns e apoderar aos procuradores en Cortes. Malia todo, seguiron aproveitando estas convocatorias para debater e presentar peticións referentes a outras moitas cuestións (o problema foral, a mellora das infraestruturas, a educación, a saúde pública, etc.) con resultados -iso si- ben escasos.

Mapa do Reino de Galicia (1784), obra de Tomás López



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

A **Intendencia do Reino de Galicia**, creada en 1712 e restablecida en 1718, tivo a súa sede na Coruña. Como nas restantes provincias da monarquía, foi dotada de amplas competencias nos ámbitos militar (recrutamento, aloxamento e abastecemento das tropas, fortificación das cidades), fiscal (administración e control da recadación das rendas reais, control das facendas locais), xudicial e económico (ordenanzas urbanas, fomento das obras públicas e das actividades produtivas). Estas funcións e a propia natureza da institución, ligada directamente ao poder real, converteron aos intendentos nos principais impulsores do reformismo borbónico en Galicia. Serían tamén a causa de múltiples conflitos con outras institucións reais, como a Audiencia e a Capitanía Xeneral, e coas oligarquías locais. A súa oposición tivo probablemente moito que ver coa decadencia e definitiva desaparición da intendencia, acontecida en 1775 á morte do seu derradeiro titular, o marqués de Piedrabuena.

O **gobernador-capitán xeneral** seguiu a ser a máxima autoridade política e militar do reino pero vería minguadas súas prerrogativas: o nomeamento de oficiais pasou a depender directamente do rei, a facenda militar a mans dos intendentos, boa parte das súas competencias navais ao Departamento Marítimo creado en Ferrol (1726).

A **Real Audiencia** seguiu mantendo as súas funcións como órgano xudicial e de goberno e gozando nun notable prestixio mesmo entre os campesiños, que se referían a ela como “*a fonte limpa*” da xustiza.

As realizacións militares.

Os monarcas da casa de Borbón decatáronse da necesidade de contar cun exército e unha armada potentes, instrumentos necesarios para o mantemento da orde interna, o prestixio exterior da monarquía e a defensa dun amplo imperio ultramarino.

Dende os primeiros anos do século XVIII, os ministros borbónicos acometeron reformas no exército segundo o modelo francés. A **carreira militar** converteuse nunha saída atractiva para a nobreza e moitos fidalgos galegos se incorporaron a oficialidade. Ao mesmo tempo implantouse, en substitución dos diversos sistemas de recrutamento anteriores, o **sistema de quintas** (1719). Os continxentes establecidos pola Secretaría de Guerra, repartíanse entre os diferentes territorios e poboacións, para proceder a nivel local ao sorteo entre os mozos útiles empadroados. A oposición popular ao recrutamento en Galicia foi moi ampla e consistiu fundamentalmente na fuxida -real ou finxida- ante eventual chamamento a filas: no padrón realizado ao efecto en 1762, un 40% dos mozos de 16-40 anos non puido ser incluído no sorteo por estaren *ausentes*.

A **posición xeográfica de Galicia** conferíalle un notable valor estratéxico fronte ás armadas inimigas, singularmente a británica, que podían atacar outros portos españois ou interceptar os barcos mercantes da carreira de Indias. A esta razón obedece a decisión de establecer en Ferrol unha das bases da Armada real. Por outra banda, os mariñeiros galegos ían proporcionar unha parte substancial das súas tripulación

As instalacións do Arsenal ferrolán



paadin [CC-BY-2.0], Flickr

O arsenal de Ferrol.

En 1726, **José Patiño**, un dos ministros de Filipe V, decidiu establecer en Ferrol a sede dun dos tres Departamentos marítimos nos que se dividiu a costa española (Cádiz e Cartaxena encabezaron os outros dous). Explican esta elección as óptimas condicións naturais da ría e a existencia dalgunhas defensas, os castelos de San Filipe e da Palma, que foron reconstruídos. A partir de 1746, coa chegada ao poder de Fernando VI e o seu ministro o **marqués da Ensenada**, prodúcese cambios significativos. Decídese o traslado do arsenal dende a Graña ata o seu emprazamento definitivo en Ferrol. En 1750 comezan a construción do Arsenal e do seu estaleiro baixo a dirección do prestixioso mariño e matemático **Jorge Juan**. Para a formación dos mandos da Armada fundouse en 1776 a Academia de Garda Mariñas.

As obras do **Arsenal** máis a construción e reparación de buques atraeron a Ferrol a milleiros de traballadores, procedentes dunha ampla contorna, e a enxeñeiros e técnicos de moi diversas orixes (ingleses, irlandeses, franceses...). En 1787, Ferrol convertérase na **primeira cidade galega**, con case 25.000 habitantes. A chegada masiva de poboación provocou o ampliación do espazo urbano. Ao pequeno núcleo orixinario, Ferrol vello, engadíronse novos barrios, o de Esteiro, para acoller aos traballadores, e a Magdalena, ocupado maioritariamente polos técnicos e oficiais da Armada. O espírito racionalista ilustrado da época manifestaríase no plano hipodámico, de trazado ortogonal, destes barrios.

A finais do século a fortuna do Arsenal ferrolán comezou a decaer. A crise do comercio indiano, as constantes guerras e os conseguíntes apuros da facenda real provocaron a diminución dos encargos. Os problemas habían persistir durante todo o século XIX.

A Matricula do Mar.

O mesmo José Patiño estableceu en 1737 a **Matricula do Mar**, que foi regulada baixo o marqués da Ensenada polas Ordenanzas Xerais da Armada Real (1748). Tratábase dun rexistro da poboación adicada ás actividades marítimas que pretendía garantir os homes necesarios para as dotacións da Armada. A condición de matriculados outorgáballes aos inscritos algunhas **vantaxes**: o monopolio dos oficios de pesca e navegación, excluindo a aqueles labregos das zonas litorais que alternaban os labores agropecuarios coas faenas pesqueiras; a vinculación á xurisdición da Mariña, que eximía dalgunhas contribucións, caso dos aloxamentos, e excluía do sorteo de quintas para o exército. En troques, os matriculados debían estar dispoñibles para o servizo na Armada entre os 16 e os 60 anos.

A Matricula provocou **conflitos** nas zonas litorais entre os mariñeiros rexistrados e os labregos excluídos. Tamén chocou con algúns privilexios señoriais na actividade marisqueira. Ao restar man de obra ás faenas do mar, a Matricula tivo un efecto negativo sobre a pesca. En 1778, dos 12.000 matriculados en Galicia, 9.000 estaban prestando servizo na Armada. As **queixas** dos contemporáneos (gremios de mareantes, ilustrados como Cornide ou Sarmiento) ao respecto foron frecuentes na segunda metade do século e mesmo o Consulado do Mar da Coruña chegou a



solicitar a abolición da Matrícula. Ademais, a longa duración e as difíciles condicións do servizo e os frecuentes conflitos bélicos provocaban un gran número de mortos, eivados e feridos. O medo ao alistamento levou a moitos mariñeiros a buscar na emigración unha vía de escape. A situación favoreceu, ademais, os intereses dos fomentadores cataláns, que aproveitaron a situación de decadencia do sector pesqueiro local para monopolizar a pesca, salgado e comercialización da sardiña capturada nos caladoiros galegos.

A liberalización do comercio con América.

A **revitalización do comercio colonial** era fundamental para os intereses da monarquía borbónica xa que podería favorecer un incremento da recadación fiscal e actuar como un poderoso estímulo para o crecemento da economía peninsular. Para conseguilo cumpría recuperar o control do comercio coas Indias, notablemente minguado durante o século XVII, e ampliar a presenza de produtos e comerciantes españois nel. As medidas adoptadas conducirían á **fin do monopolio do comercio de Indias por parte da Casa de Contratación**, trasladada de Sevilla a Cádiz en 1717. Nun primeiro momento, autorizouse a actividade de compañías privilexiadas, ás que se lle concedeu o monopolio da explotación comercial en certas áreas americanas, caso da Real Compañía Guipuzcoana de Caracas, que operou en Venezuela entre 1730 e 1785. Na segunda metade do século XVIII, diversas medidas concederon a **autorización para o comercio con América a un número crecente de portos peninsulares**.

As **medidas liberalizadoras** do reinado de Carlos III beneficiaron singularmente ao porto da Coruña. En 1764, estableceuse nel a base dos **Correos Marítimos**, un servizo da Coroa que permitía tamén o transporte regular de viaxeiros e mercadorías, primeiro á Habana e, dende 1767, tamén a Bos Aires. O porto herculino figurou tamén entre os oito habilitados para o comercio coas colonias americanas en 1765. Estas disposicións traducíronse nun importante aumento do tráfico mercantil coruñés. Dende os seus peiraos saían cara o novo continente algunhas producións autóctonas (salgaduras, lenzos) pero tamén se reexportaban produtos agrarios de orixe mediterránea máis tecidos levantinos e estranxeiros. Dende Ultramar chegaban, máis que nada, coiros e algúns produtos coloniais. Arredor deste tráfico consolidouse unha burguesía comercial constituída maioritariamente por mercadores foráneos (vascos, asturianos, cataláns, leoneses, rioxanos).

A partir dos **decretos de libre comercio de 1778**, que permitiron incrementar o número de portos habilitados, entre eles Vigo (1785) e Ferrol (1787), a situación mudou notablemente. A Coruña perdeu a súa situación privilexiada e tivo que afrontar a competencia con outros portos peninsulares. Creouse en 1785, a raíz da disposicións liberalizadoras, o **Real Consulado da Coruña**, institución encargada de defender os intereses comerciais. A estrutura do tráfico experimentou cambios importantes: entre os xéneros embarcados desapareceron practicamente as producións galegas en prol das

Edificio do Real Consulado do Mar, actual Museo de Belas Artes, na Coruña.



piquito [CC-BY-SA-4.0], wikimedia Commons

foráneas (trigo castelán, ferro vasco, viños e augardentes cataláns, téxtiles ingleses e franceses) e os metais preciosos convertéronse no principal capítulo das importacións. Pola contra, os comerciantes autóctonos adquiriron un maior protagonismo.

A partir de 1780, os **problemas do comercio colonial** multiplícanse: a saturación dos mercados indianos, a implicación da monarquía hispana nunha case ininterrompida serie de conflitos bélicos, a apertura do comercio indiano aos países non belixerantes tras a promulgación do *decreto de neutrais* (1797), etc. Xa a comezos do século XIX, unha nova xeración de comerciantes, maioritariamente foráneos, reorientou o seu negocio cara lucrativas e arriscadas actividades como o curso ou a trata de escravos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- RUÍZ TORRES, P.: *Reformismo e Ilustración*, en FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 5, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2014.
- SAAVEDRA, M^a. C.: “Las instituciones políticas gallegas en época moderna”, *Semata*, v. 15, 2003, pp. 131-163.
- SAAVEDRA, P.: *A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). Poboación e Economía: Unha economía diversificada*, en BARREIRO, X.R. e VILLARES, R. (dir.) *A Gran Historia de Galicia*, t. VI, v. 2, A Coruña, Arrecife, 2007.
- SAAVEDRA, P.: *A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). Política e cultura: Os diversos poderes e o seu equilibrio cambiante*, en BARREIRO, X.R. e VILLARES, R. (dir.) *A Gran Historia de Galicia*, t. VIII, v. 1, A Coruña, Arrecife, 2007.
- VILLARES PAZ, R.: *Historia de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia, 2004.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.